

PROCESO DE TRAMITACIÓN DAS LICENCIAS FEDERATIVAS TEMPADA 2025

Nesta tempada utilizarase para a tramitación de licenzas de triatlón unha nova plataforma FETRI.


Todas as licenzas deberán ser aboadas online antes da súa tramitación.

Para tramitar **as licenzas de deportista por un club**, primeiro debe estar tramitada a licenza do club. **Cada deportista autorizará ao club para tramitar a licenza a través da plataforma acedendo ao seu perfil.**

Para poder proceder a aprobar a tramitación das licenzas da nova tempada, ós clubs teñen que estar ao día nas contas coa Federación

As licenzas dos/as deportistas becados no **Centro Galego de Tecnificación Deportiva** deberán estar tramitadas **no primeiro día hábil de Xaneiro**. Aquel ou aquela bolseiro/a que non a teña solicitada para aprobar non se lle permitirá acceder ao centro.

*Documentación necesaria para a tramitación de licenzas de club

 [Formulario de Solicitud cuberto coa sinatura orixinal \(ou dixital certificada\). Subirase á plataforma ou enviarase a \[fegatri@hotmail.com\]\(mailto:fegatri@hotmail.com\)](#)

Os **clubs novos, ou aqueles nos que se producen cambios**, deberán enviar ou subir á plataforma, ademais do formulario de solicitude anterior cuberto e asinado:

- Copia da resposta do Rexistro de Asociacións Deportivas onde comunican a inscrición do club ou da sección.
- Copia do CIF
- Copia dos estatutos
- Copia da Acta de constitución do club ou sección.
- Copia da Xunta Directiva actualizada presentada no Rexistro.
- Documento de protección de datos

- **Documentación necesaria para a tramitación de licenzas de Deportista, Técnico/a ou Oficial (esta debe ser subida no programa):**

- 1 Foto tamaño carnet
- Copia do DNI en vigor do/a deportista (dúas caras)
- [Documento de protección de datos cuberto e asinado de deportista, técnico, oficial-](#) **(Menores de idade ata 16 anos-** Ademais do anterior engadirán [Autorización segundo modelo normalizado](#), asinada pola nai/pai ou titor/a legal, xuntando xuntando DNI do/a asinante. No caso de non posuír DNI o/a menor, enviará copia do libro de familia- (subir á plataforma)

***A licenza será validada e surtirá plenos efectos dentro dos 10 días seguinte, unha vez realizada á súa validación documental na FEGATRI.** En caso de eivas será revocada de acordo ao regulamento de licenzas.

CUSTES DE LICENCIAS TRIATLON 2025

* A duplicidade de Licenza de club ou organizador para Galicia só é válida aos efectos censais. Haberá unha única licenza de club válida para organización de probas galegas tamén. Para organizar probas nacionais deberán tramitar e aboar tamén a licenza de organizador.

CATEGORÍAS	ANO DE NACEMENTO	TOTAL LICENZA 2025
MENORES	2019-2012	20,00 €
CADETE	2011-2010	30,00 €
XUVENIL	2009-2008	40,00 €
JUNIOR(Independentes)*	2007-2006	98,00 €
SUB.23 (Independentes)*	2005-2002	108,00 €
ABSOLUTA (Independentes)*	2001-1986	108,00 €
VETERANA (Independentes)*	1985-...	108,00 €
JUNIOR (Club)	2007-2006	81,00 €
SUB.23 (Club)	2005-2002	91,00 €
ABSOLUTA (Club)	2001-1986	91,00 €
VETERANA (Club)	1985-...	91,00 €
OFICIAL		70,00 €
TÉCNICO/A		70,00 €
CLUB/ORGANIZADOR		180,00 €
(Probas autonómicas)		
DESCONTOS + 1 licenza		
1Club+1º Técnico/a		-35,00 €
Técnico/a ou oficial+Triatleta		-28,00 €
Técnico/a + oficial		-18,00 €

As licenzas tramitadas entre o 1 de setembro e o 31 de decembro, sempre e cando sexan nova tramitación realizada na FEGATRI, terán unha bonificación do 60% que se aplicará a través de abono federativo

LICENZA DEREITOS DE INSCRICIÓN EN CIRCUÍTOS GALEGOS DE ESTRADA:

Necesaria para participar en calquera ou todas as probas reflectidas como clasificatorias dos circuitos de Duetlón e/ou Triatlón de Estrada.

O trámite desta licenza realizarase en 2025 na plataforma da FETRI igualmente:

No caso de clubs con licenza de fóra de Galicia deberán subir a documentación requerida. Tanto os clubs coma os deportistas independentes con licenza galega deberán ter tramitada a licenza de Club/deportista na plataforma de licenzas previamente

DEREITOS CIRCUÍTO DEPORTISTAS INDEPENDIENTES	100,00 €
DEREITOS CIRCUÍTO CLUBS (cubre a todos/as deportistas do club)	300,00 €

DESCONTO FEGATRI POR TRAMITACIÓN DE LICENZAS NOS DOUS DEPORTES DA FEGATRI. TRIATLÓN E PENTATLÓN MODERNO

Dende o 1 de xullo ata o 31 de decembro tanto clubs como deportistas terán unha bonificación do 50% na licenza do segundo deporte.

TRAMITE DE LICENZAS TEMPORAIS DE 1 DIA TRIATLÓN E PÉNTATLÓN MODERNO

ABSOLUTAS- 20,00€

Bonificadas Dúatlon Cros- **10,00€**

Bonificadas Ciclismo- **6,00€**

MENORES - 6,00 €

PÉNTATLON MODERNO

Para a tramitación da licenza de Péntatlon utilizarase a plataforma de Rockthesport. Será necesario subir á plataforma a seguinte documentación:

Solicitud cuberta e asinada

- Documentos protección de datos e autorización de [deportista](#) correspondente coa autorización XOGADE e /ou de [menores así](#) coma o DNI de quen autoriza neste caso
- Copia do DNI* en vigor - **(No caso de menores que non posúan DNI será preciso enviar a copia do libro de familia)*
- Foto tamaño carné
- Acreditación da titulación no caso de técnicos e xuíces

CATEGORÍAS UIPM	IDADE 30/12		Cota 2025	Cota ampliación Internacional
MASTER +60	+60	1956-1965		10,00 €* * cota a 1 de xaneiro, suxeita á modificacións establecidas pola FEPM no momento do trámite
MASTER +50	50 a 59	1966-1975		
MASTER +40	40 a 49	1976-1985	58,00 €	
SENIOR	22 a 39	1984-2003	58,00 €	
U22	19,20 e 21	2004-2006	58,00 €	
U19	17 e 18	2007-2008	58,00 €	
U17	16	2010	58,00 €	
	15	2009	25,00 €	
U15	13 e 14	2011-2012	25,00 €	
U13	11 e 12	2013-2014	25,00 €	
U11	9 e 10	2015-2016	25,00 €	
U9	7 e 8	2017-2018	25,00 €	
TÉCNICO/A			53,00 €	
ARBITROS/AS			53,00 €	
CLUBS			180,00 €	

*Documentación necesaria para a tramitación de licencias de club

[Formulario de Solicitud](#) cuberto coa sinatura orixinal (ou dixital certificada) selo do club

Os clubs novos, ou aqueles nos que se producen cambios, deberán enviar, ademais do formulario de solicitud e

- Copia da resposta do Rexistro de Asociacións Deportivas onde comunican a inscrición do club ou da sección.
- Copia do CIF
- Copia dos estatutos
- Copia da Acta de constitución do club ou sección.
- Copia da Xunta Directiva actualizada

astelao, 21, Ent. 2.- 27001.- Lugo Tlf. 982 251 345/Fax 982 109 800 fegatri@hotmail.com www.fegatri.org